

PARTE IV

PLAN DE COOPERACIÓN

GDR-22

Terras de Deza

AGOLADA, DOZÓN, LALÍN, RODEIRO, SILLEDA, VILA DE CRUCES

Setembro 2008

0. ÍNDICE

0. ÍNDICE.....	2
6. PLAN DE COOPERACIÓN.....	3

6. PLAN DE COOPERACIÓN.

Terras do Deza considera menester para un mellor desenvolvemento das súas accións e dos seus proxectos a cooperación e/ou intercambio de experiencias, con grupos ou asociacións, que presenten problemáticas ou proxectos de desenvolvemento semellantes.

Por elo priorízanse e potenciaranse as seguintes accións:

- ✓ Proxectos de cooperación con outros grupos de desenvolvemento rural.
- ✓ Asistencia a xornadas, charlas ou conferencias sobre proxectos innovadores no medio rural.
- ✓ Realización de excursións e visitas.

As prioridades serán outros grupos de desenvolvemento rural na nosa comunidade e despois grupos doutros estados membros da Unión Europea:

Francia principalmente, e Portugal nun segundo termo.

En principio establecerase un plan de cooperación a **nível interterritorial** cunha rede de grupos de desenvolvemento rural galego:

- Terra da Mariñas
- Euroeume
- Asdecomor
- ADR Pontevedra
- ULLOA
- Río Lor

CAPÍTULO IV. PLAN DE COOPERACIÓN

ÍNDIX:

1. LIÑA 1: POSTA EN VALOR E ACCESO Ó MERCADO DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS A TRAVÉS DE CIRCUITOS CORTOS E ACCESO A GRANDES MERCADOS EXTERIORES.....	
1.1. Antecedentes, xustificación e interese	6
1.2. Obxectivos	6
1.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	7
1.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	8
1.5. Proxectos concretos	10
2. LIÑA 2: ACOMPAÑAMENTO, SEGUIMENTO E DINAMIZACIÓN DAS AXENDAS 21 COMARCAIS	
2.1. Antecedentes, xustificación e interese	11
2.2. Obxectivos	11
2.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	12
2.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos.....	13
2.5. Proxectos concretos	13
3. LIÑA 3: CREACIÓN DE PAQUETES DE TURISMO CULTURAL E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS TERRITORIAIS MEDIANTE RUTAS TEMÁTICAS: CAMIÑOS A COMPOSTELA; RUTAS FLUVIAIS; RUTAS HISTÓRICAS; RUTAS GASTRONÓMICAS; ETNOGRÁFICAS E ORNITOLÓXICAS; PATRIMONIO EDIFICADO, ESPAZOS DE INTERESE AMBIENTAL.....	14
3.1. Antecedentes, xustificación e interese	14
3.2. Obxectivos	15
3.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	15
3.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	16
3.5. Proxectos concretos	16
4. LIÑA 4: FOMENTO DE NOVOS CULTIVOS E PRODUCIÓNS AGRARIAS (POLÍGONOS HORTÍCOLAS, TRIGO PAIS, FRUTAIS TRADICIONAIS, EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS E CUNÍCOLAS AUTÓCTONAS, ETC).....	17
4.1. Antecedentes, xustificación e interese	17
4.2. Obxectivos	18
4.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	18
4.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	19
4.5. Proxectos concretos	19
5. LIÑA 5: “REDE DE PAISAXES CULTURAI E NATURAI”. CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E POSTA EN VALOR DE ESPAZOS DE INTERESE PAISAXISTICO (VITICULTURA, PRODUCIÓN AGRARIA, BOSQUES AUTÓCTONOS, BOSQUES DE RIBEIRA).....	

5.1. Antecedentes, xustificación e interese	20
5.2. Obxectivos	21
5.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	21
5.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	22
5.5. PROXECTOS CONCRETOS	22
6. LIÑA 6: “FOMENTO DA CULTURA EMPRENDEDORA”	23
6.1. Antecedentes, xustificación e interese	24
6.2. Obxectivos	24
6.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	24
6.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	25
6.5. Proxectos concretos	25
7. LIÑA 7: “REDE TERRITORIAL PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN”	26
7.1. Obxectivos	26
7.2. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	26
7.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	27
7.5. Proxectos concretos	27
8. LIÑA 8: “POSTA EN MARCHA REDE WIMAX”	
8.1. Antecedentes, xustificación e interese	28
8.2. Obxectivos	28
8.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	29
8.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	30
8.5. Proxectos concretos	30
9. LIÑA 9: “COOPERACIÓN CON TERCEIROS PAISES PARA O FOMENTO DA METODOLOXÍA LEADER COMO FERRAMENTA DE DESENVOLVEMENTO E REFORZAMENTO DOS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO EN CADA TERRITORIO”	
9.1. Antecedentes, xustificación e interese	31
9.2. Obxectivos	31
9.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	31
9.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	32
9.5. Proxectos concretos	32
10. LIÑA 10: “IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE XÉNERO”	33
10.1. Antecedentes, xustificación e interese	33
10.2. Obxectivos	33
10.3. Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia co programa presentado	34
10.4. Repercusión sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos	34
10.5. Proxectos concretos	35

1. LIÑA 1: POSTA EN VALOR E ACCESO Ó MERCADO DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS A TRAVÉS DE CIRCUITOS CORTOS E ACCESO A GRANDES MERCADOS EXTERIORES.

1.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

A novas tendencias de consumo, que conducen á busca progresiva de produtos sans, naturais, dotados dunha identidade vinculada a un territorio (montaña, espazo protexido..etc.) abren novas oportunidades de mercado ós produtos das zonas rurais.

Os circuitos “cortos” de comercialización permiten ó produtor diminuír os intermediarios para chegar ó consumidor, polo que, se pode definir o circuito “corto” como aquel no que o produtor proporciona directamente o seu produto ao consumidor (venta directa).

Os circuitos curtos presentan oportunidades de crear valor engadido no territorio e de reforzar a especificidade dos produtos. Debido ó estreito vínculo creado entre territorio, cliente e produto, estas formas de venta reforzan o carácter non deslocalizable da produción local.

Exemplos como a Asociación Agroalimentaria do Eume, que constituíse no ano 2003 como unha Asociación sen ánimo de lucro con 24 socios que tiñan como característica común seren produtores agrarios e gandeiros. A labor desenvolvida pola Agroalimentaria pode considerarse un proxecto exportable a outros territorios, xa que a actividade que desenvolve é innovadora no conxunto de Galicia. Dende os seus inicios parte duns principios irrenunciabes que a vencellan co desenvolvemento territorial e deben manterse como punto de partida nunha posible ampliación cara outros territorios.

Dende o Programa PRODER II da Asociación Terra das Mariñas, tense colaborado coa Agroalimentaria do Eume ofrecendo os produtos do seu territorio a través de convenios para ser comercializados dende alí. Os produtos que se están comercializando a través da Agroalimentaria son: viño da “Terra de Betanzos”, queixo de Abegondo, ovos ecolóxicos de Avega....

1.2. OBXECTIVOS

- 1) Incrementar o valor percibido dos produtos agroalimentarios do territorio e incentivar o emprego agrario e sentando as bases para futuras empresas transformadoras

- 2) Fomentar novas técnicas e producións (control integrado, produción integrada, agricultura ecolóxica) e mellorar o proceso de comercialización dos produtores individuais a través da unificación e da busca de novos canais de venta)
- 3) Ter identificadas as fases de produción, mantendo un control sobre cada unha delas garantindo a trazabilidade.
- 4) Identificar os produtos locais cun distintivo diferenciador, ofrecendo unha marca de calidade ao consumidor con produtos coa máxima seguridade e garantías de orixe.
- 5) Establecer a loxística para o acceso a mercados de cercanía (circuitos cortos), e a súa combinación con mercados exteriores.
- 6) Fomentar estruturas de comercialización de produtos de orixe animale vexetal de elaboración caseiras de excelente calidade.

1.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

1.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promocionar un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

Dacordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e

3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endógeno das zonas rurais.

Dentro das medidas referidas ás estratexias de desenvolvemento local dentro do Programa LEADER, este proxecto sería perfectamente encaixable dentro da medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal”.

1.3.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas coas diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnóstico compartida sobre os baixos ingresos que reportan ós produtores agrarios a venda dos seus produtos, fundamentalmente pola baixa capacidade de negociación. Así pois, este proxecto incide directamente en mellorar este aspecto, e se relaciona con outras liñas de actuación propostas e complementarias recollidas na medida 4.1.1.

1.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

Ao longo da historia, o transporte de alimentos a longas distancias foi parello á mellora dos procedementos de conservación: secado afumado **salazón**, frío, salmoira,... Pero a chegada doutros procesos de conservación para produtos lácteos, derivados do froita, verduras, e mesmo para alimentos precociñados trouxo consigo a era do envase e dos alimentos "viaxeiros". Na actualidade, a xeración de montañas de lixo e o custo enerxético do transporte supoñen un grave problema ambiental. A venda en mercados de proximidade debería incidir positivamente na redución de envases, coa conseguinte mellora ambiental.

De igual xeito, cando algúns alimentos chegan ao consumidor polas canles convencionais poden triplicar o prezo que se lle paga ao produtor, ademais de xerar parte do problema arriba indicado. Abaratar os prezos finais, á vez que pagamos de forma xusta ao produtor, pasa necesariamente pola utilización dos circuítos curtos de comercialización. Estes poden ser postos de venda directa en mercados, onde o propio agricultor vende aos consumidores ou colectivos de consumidores, agrupados en asociacións ou cooperativas que adquiren os seus produtos directamente dos produtores.

Os circuítos curtos de comercialización permiten mellorar a relación calidade-prezo, evitando as marxes excesivas que soportan algúns produtos ecolóxicos no mercado, eliminando intermediarios da cadea de comercialización e axustando os prezos aos custos reais de produción, facilitan o contacto directo entre produtor e consumidor e potencian o desenvolvemento de economías locais.

Esta mellora nos prezos permitirá facer un sector máis atractivo de cara a incorporar persoas novas na actividade agraria. Estas canles permitirán tamén asegurar dalgún xeito a comercialización das producións, reforzando a incorporación de novos activos.

1.5. PROXECTOS CONCRETOS

1. **TÍTULO:** “Posta en valor e acceso ó mercado de produtos agroalimentarios locais a través de circuitos curtos e acceso a grandes mercados exteriores”
2. **DESCRIPCIÓN:** Proxecto de cooperación que busca crear unha plataforma común para a comercialización de producións agroalimentarias. Este proxecto pretende mellorar e ampliar o mercado dos produtos locais. Se deseñarían expositores en puntos de venda e se definiría unha marca de garantía común para os produtos locais.

Redimensionamento da Agroalimentaria do Eume cara a súa ampliación ós territorios citados: a) identificación de axentes e produtos nos territorios potencialmente interesados en participar; b) realización de actividades de dinamización cara a captación de novos produtos; c) realización dun estudo de mercado a nivel estatal para definir as canles dos produtos a comercializar; d) organización da loxística e o comercio tanto en circuitos curtos como no acceso a grandes mercados; e) desenvolvemento comercial; f) redefinición da Asociación Agroalimentaria do Eume para amparar os produtos de varios territorios.

3. **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
4. **VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** Apoiar a cooperación interempresarial. Aforro costes promocionais. Economías de escala para vender maior gama de produtos chegando a un maior número de consumidores.
5. **GAL COORDINADOR:** GDR-30 (Asociación Euroeume)
6. **ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** GDR-30 (Euroeume); GDR-22 (Deza); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
7. **RESULTADOS ESPERADOS:** Se busca a consolidación dun modelo de comercialización de produtos agrarios a partir dunha estrutura xerada polos propios produtores co apoio dos axentes dinamizadores de cada un dos territorios participantes no proxecto. Este proxecto pode sentar as bases dunha rede de comercialización da produción agraria local posta en valor a través dos criterios de calidade, trazabilidade e autoxestión.

Mellorar a marxe da rendibilidade das explotacións agrarias, gandeiras e os primeiros transformadores artesáns que se incorporen ó mesmo en cada un dos territorios.

Establecer vínculos coa restauración e hostalería en xeral, así como o comercio de proximidade, co obxecto de que éstos poidan ofrecer a súa vez ós seus clientes auténticos produtos locais.

Establecer as vías para o acceso a grandes mercados exteriores.

8. ORZAMENTO TOTAL: 175.000.-€

2. LIÑA 2: ACOMPAÑAMENTO, SEGUIMIENTO E DINAMIZACIÓN DAS AXENDAS 21 COMARCAIS

2.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

A Axenda 21 é un plan das Nacións Unidas para o desenvolvemento sostible no século XXI, aprobado por 173 gobernos na Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e Desenvolvemento, celebrada en Río de Xaneiro no ano 1992. Preséntase como un proceso aberto e participativo, promovido polas entidades locais, dirixido a mellorar a calidade de vida dos cidadáns, comprometéndose a actuar cara a unha mellora ambiental, social e económica do territorio.

Moitos dos procesos de desenvolvemento na actualidade superan os límites físico-xeográficos dos municipios, polo que é necesario abordar maiores escalas, como a agrupación de varios municipios, as comarcas, etc., para afrontar os novos retos.

A Asociación Euroeume, a Comarca de Ordes e a Comarca de Pontevedra teñen traballado no desenvolvemento unha Axenda 21 Comarcal, estando actualmente rematada.

Tamén a Asociación “Terra das Mariñas” en colaboración co Consorcio das Mariñas e a Consellería de Medio Ambiente está desenvolvendo actualmente no territorio unha Axenda 21 Comarcal.

2.2. OBXECTIVOS

- 1) Acompañamento e seguimento no proceso posterior ó deseño da Axenda 21 Comarcal.
- 2) Elaboración de indicadores
- 3) Creación dun observatorio (web; SIX-web)
- 4) Promover a Axenda 21 como un instrumento de planeamento das políticas locais de sustentabilidade asentado á construción de consensos estratéxicos dende a participación dos axentes institucionais, capacitando ós técnicos municipais para implicarse nun proceso

de dinamización da Axenda e facilitando o establecemento de redes de intercooperación entres os diferentes entes colaboradores.

- 5) Animar á participación cidadá. Apoiar execución dos plans de participación.

2.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

2.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promocionar un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

Dacordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e 3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endóxeno das zonas rurais.

Este proxecto sería perfectamente encaixable dentro da medida 412 “Mellora ambiental e do contorno rural”: investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural.

2.3.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas coas diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnóstico compartida sobre as debilidades e ameazas sobre o medio ambiente. Así mesmo, no territorio está en marcha o proceso de implantación da Axenda 21 en nove concellos.

Existen ademais catro espazos incluídos na Rede Natura 2000, así como zonas de elevado interese ecolóxico, como brañas, estuarios da costa e brañas continentais que están sometidos a “presións” de todo tipo, e precisan do artellamento de programas para mellorar a súa gobernanza.

2.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

A dinamización das Axendas 21 van a incidir directamente no medio ambiente, existindo un amplo tecido social interesado e que está participando nas Axendas. Así mesmo se presta nas Axendas unha especial atención á problemática e actuacións ós colectivos de xóvenes e mulleres, participando activamente no proceso.

2.5. PROXECTOS CONCRETOS

- 1. TÍTULO:** “Acompañamento, seguimento e dinamización das Axendas 21 Comarcais”
- 2. DESCRICIÓN:**
 - Creación dun observatorio para o acompañamento e seguimento posterior das Axendas.
 - Elaboración de indicadores semestrais
 - Dinamización das Axendas Comarcais xa implantadas
 - Difusión e animación da participación
- 3. ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
- 4. VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** Aforro custos en persoal; deseño de metodoloxías comúns; creación dunha rede de apoio técnico ás persoas que traballan nos concellos; sensibilización das autoridades locais.
- 5. GAL COORDINADOR:** GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo)
- 6. ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** GDR-30 (Euroeume); GDR-22 (Deza); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
- 7. RESULTADOS ESPERADOS:**

- Continuidade das Axendas 21 Locais
- Reforzamento dos procesos de participación nos territorios
- Promover os procesos de desenvolvemento locais, dende a óptica da sustentabilidade e coa metodoloxía de participación.

8. ORZAMENTO TOTAL: 200.000.-€

3. LIÑA 3: CREACIÓN DE PAQUETES DE TURISMO CULTURAL E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS TERRITORIAIS MEDIANTE RUTAS TEMÁTICAS: CAMIÑOS A COMPOSTELA; RUTAS FLUVIAIS; RUTAS HISTÓRICAS; RUTAS GASTRONÓMICAS; ETNOGRÁFICAS E ORNITOLÓXICAS; PATRIMONIO EDIFICADO, ESPAZOS DE INTERESE AMBIENTAL.

3.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

A través do LEADER + a Asociación Euroeume ten promovido un proxecto, enmarcado dentro dun expediente de Cooperación Transnacional co Grupo de Acción Local Italiano Alta Umbría S.R.L. e que tivo por obxectivo crear un produto turístico patrimonial en torno á valorización da arquitectura medieval presente en ambos territorios. Neste programa se recolleron as actuacións necesarias a corto, medio e longo prazo, implicando a todos os axentes que interveñen na súa execución, contemplando actuacións arqueolóxicas, de restauración, de musealización e dinamización.

ASDECOMOR a través do Programa LEADER+, ten posto en marcha un proxecto de cooperación transnacional que agrupa a 10 Grupos de Acción Local (5 españois e 5 portugueses) denominado “Proxecto ECO-RED DE MUSEOS VIVOS”. O obxectivo principal desta iniciativa é xerar nos habitantes e nos visitantes da Comarca de Ordes, un compromiso de preservación do medio ambiente. Actuación novidosa, non existindo ningunha iniciativa que permita valorizar e difundir o patrimonio local, xerando un efecto divulgativo e sensibilizador nos visitantes.

A Asociación Terra das Mariñas, a través do Programa PRODER II, ten elaborado un Plan de Desenvolvemento Turístico (2004-2007), xurdido do desexo de organizar actuacións comúns e coordinadas a nivel supramunicipal que contribúan ó desenvolvemento integral do territorio de actuación, á mellora da calidade de vida dos seus habitantes e á creación de emprego e riqueza no territorio. Neste plan se teñen identificado recursos de interese.

Nestas estratexias se teñen identificado recursos e se aporta a cooperación con outros territorios como estratexia para acadar “economías escala” e facer produtos máis potentes e atractivos.

3.2. OBXECTIVOS

- 1) Creación de paquetes turísticos coordinados.
- 2) Promoción conxunta a través de paquetes culturais do patrimonio dos territorios participantes no proxecto
- 3) Creación dun ente de xestión turística, que xestionase todos os paquetes turísticos, podendo crearse unha nova marca que os identificase.
- 4) Aplicación das novas tecnoloxías (NNTT) para a comercialización.

3.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

3.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promocionar un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

Dacordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e

3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endógeno das zonas rurais.

Este proxecto sería encaixable dentro da medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade vida”: Fomento das actividades turísticas.

3.3.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas das diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnose compartida sobre a falta de coordinación turística nos diferentes territorios, limitándose en moitos casos a facer unha promoción ó público en xeral, non existindo segmentación dos mercados nin estratexias claras de comercialización.

A posta en marcha do Plan de Dinamización do Produto Turístico que existe na área metropolitana da Coruña así como o da Comarca de Pontevedra, serán programas cos que se buscará coordinación.

Na medida 4.1.3 se recollen diferentes actuacións para crear novos servizos, que precisarán dunha comercialización posterior.

3.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

O proxecto incide directamente na posta en valor do patrimonio natural existente na comarca mediante o turismo, polo que se pode dicir que afectará positivamente.

A través desta iniciativa se poden crear novos “nichos de emprego” dando cabida a mulleres e mozos en postos de traballo de guías turísticos da comarca. Asímesmo, as novas empresas de servizos que xurdan terán unha máis doada comercialización.

3.5. PROXECTOS CONCRETOS

- 1. TÍTULO:** Creación de paquetes de turismo cultural e posta en valor dos recursos territoriais mediante rutas temáticas: Camiños a Compostela; rutas fluviaais; rutas históricas; rutas gastronómicas; etnográficas e ornitolóxicas; patrimonio edificado, espazos de interese ambiental.
- 2. DESCRICIÓN:**
 - Creación de paquetes turísticos coordinados e promoción conxunta de todos os territorios participantes no proxecto, a través de paquetes culturais do patrimonio.

- Posta en marcha un Ente de xestión turística, co obxectivo principal de xestionar e vender todos os paquetes turísticos.
3. **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
 4. **VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** Aforro costes en promoción; paquetes turísticos máis compactos e completos; maior número de servizos para negociar volumes nos paquetes; complementariedade entre os destinos ofertados.
 5. **GAL COORDINADOR:** GDR-28 (Comarca de Ordes)
 6. **ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** GDR-30 (Euroeume); GDR-22 (Deza); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
 7. **RESULTADOS ESPERADOS:**
 - Creación dun Ente de xestión, promoción e comercialización dos servizos turísticos dos territorios.
 - Realización campañas promocionais de turismo en mercados específicos e especializados.
 - Creación e posta no mercado dos paquetes (web; pasarela pagos)
 8. **ORZAMENTO TOTAL:** 560.000.-€

4. LIÑA 4: FOMENTO DE NOVOS CULTIVOS E PRODUCCIÓN AGRARIAS (POLÍGONOS HORTÍCOLAS, TRIGO PAIS, FRUTAS TRADICIONAIS, EXPLOTACIÓN AVÍCOLAS E CUNÍCOLAS AUTÓCTONAS, ETC).

4.1.ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

A través de dous estudos encargados pola Asociación “Terra das Mariñas” en colaboración coa Asociación de Horticultores e Floricultores “As Mariñas” tense constituído na comarca a Cooperativa Horta do Atlántico con 19 socios. Todas as explotacións hortícolas dos socios son explotacións pequenas, cunha parte de cultivo baixo plástico e outra ó aire libre.

No territorio de Euroeume se ten creado recentemente unha asociación para a recuperación de froiteiras tradicionais. Tamén no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo están en marcha proxectos de recuperación de variedades autóctonas, ecotipos locais e cultivos tradicionais.

Este proxecto se xustifica na necesidade de poñer en valor terras abandonadas, co obxectivo de poder ampliar e mellorar explotacións existentes. Recuperar as diferentes variedades que se están perdendo e aproveitar os cambios nas tendencias do mercado. O seu interese radica en: a) Crear “nichos de emprego” para xóvenes, b) recuperar patrimonio xenético, c) posta en valor de terras improdutivas e conservación da paisaxe.

4.2. OBXECTIVOS

- 1) Posta en marcha estruturas de produción para crear emprego agrícola.
- 2) Recuperación de producións e variedades tradicionais.
- 3) Incorporar mozos á actividade agraria.
- 4) Posta en valor de terras improdutivas.

4.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

4.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promover un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

De acordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e

3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endógeno das zonas rurais.

Este proxecto sería perfectamente encaixado dentro da medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal”: Investimentos no sector agrario, e complementaría e reforzaría diferentes actuacións a desenvolver polos GDRs nas súas estratexias de desenvolvemento comarcais.

4.3.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas das diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnóstico compartida sobre o interese en poñer en valor as terras valdías, recuperando o “patrimonio xenético” dos territorios.

Tamén se pode destacar que están en marcha varios proxectos de recuperación de variedades autóctonas (galiña piñeira; branco lexítimo; trigo-pais; lúpulo). Actualmente están en marcha dinámicas de traballo cos axentes do sector dende os Grupos de Acción Local (2000-2006).

4.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

- Serán producións agrarias respectuosas co medioambiente.
- Sobre os colectivos de mulleres e mozos, ábrese a posibilidade de novos “nichos” de emprego.

4.5. PROXECTOS CONCRETOS

1. **TÍTULO:** Fomento de novos cultivos e producións agrarias (polígonos hortícolas, trigo pais, frutais tradicionais, lúpulo, etc.) .
2. **DESCRIPCIÓN:**
 - Busca de terreos para localizar actividades agrarias.
 - Animación para xurdimento de produtores.
 - Organización da xestión. Deseño técnico de cultivos.
 - Acompañamento na produción.
 - Formación empresarial e técnicas agronómicas (caso de ser necesario).
 - Apoio na comercialización

3. **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
4. **VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** Metodoloxía común; solventar carencias técnicas de persoal dos Grupos de Desenvolvemento Rural en termos agrarios. Apoio na realización dun proxecto intrínxicamente complexo.
5. **GAL COORDINADOR:** GDR-29 (Mariñas – Betanzos)
6. **ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** GDR-30 (Euroeume); GDR-22 (Deza); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
7. **RESULTADOS ESPERADOS:**
 - Posta en marcha de 5 has. de cultivo en cada territorio.
 - Recuperación ecotipos e variedades tradicionais.
 - Creación de 15 empregos directos en cada territorio.
8. **ORZAMENTO TOTAL:** 120.000.-€

5. LIÑA 5: “REDE DE PAISAXES CULTURAI E NATURAI”. CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E POSTA EN VALOR DE ESPAZOS DE INTERESE PAISAXISTICO (VITICULTURA, PRODUCCIÓN AGRARIA, BOSQUES AUTÓCTONOS, BOSQUES DE RIBEIRA.....)

5.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

Todos os Grupos de Desenvolvemento Rural participantes neste proxecto teñen asumido nas súas estratexias de desenvolvemento medidas e accións xenéricas para a conservación e posta en valor do patrimonio natural e cultural.

A cooperación interterritorial entre os diferentes espazos rurais participantes no proxecto facilitará o traballo común na definición da metodoloxía para a definición da paisaxe cultural, posto que se intercambiaran metodoloxías, información e contactos das diferentes áreas. Ademais, os froitos deste traballo conxunto se obterán de maneira consensuada, de maneira que se estableza un marco e método de traballo extrapolable a outras zonas rurais.

Ademais co traballo en cooperación se creará unha “rede galega de paisaxes culturais”, que resulte o suficientemente diversa e representativa para difundir o seu coñecemento.

Con este proxecto se pretende traballar no concepto de *paisaxe cultural* en áreas rurais e iniciar a súa aplicación nas estratexias de desenvolvemento rural: moitas das áreas rurais que van a participar no proxecto sofren a paulatina desaparición por despoboamento humano, das formas de vida e da cultura viva que manteñen a paisaxe; son territorios fráxiles en termos socioeconómicos pero ó mesmo tempo teñen un gran potencial para aplicar políticas relacionadas coa paisaxe.

O concepto de paisaxe é unha boa estratexia de desenvolvemento sostible, xa que involucra aspectos sociais, medio ambientais, económicos e culturais.

5.2. OBXECTIVOS

- 1) Utilizar o concepto de paisaxe cultural como estratexia de desenvolvemento rural sostible e contribuír a xerar novas políticas de xestión do territorio baseadas na valorización social, económica, interna e externa do territorio.
- 2) Implicar á poboación local na conservación e posta en valor da paisaxe.
- 3) Constituír unha rede de intercambio arredor do tema paisaxe cultural, intercambiando experiencias piloto.
- 4) Contribuír á conservación e recuperación da diversidade biolóxica, os ecosistemas, e o patrimonio tradicional froito da interacción do home co medio.

5.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

5.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promover un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

De acordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e 3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endóxico das zonas rurais.

Este proxecto sería encaixado dentro da medida 412 “Mellora ambiental e do contorno rural”: Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.

5.3.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas das diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnose compartida sobre a falta dun inventario común de todos os espazos naturais e paisaxísticos de interese dos distintos territorios. Así mesmo, se constata a necesidade de dispoñer de “estudos de base” para sensibilizar ás distintas administracións, fundamentalmente ás locais, sobre o interese da conservación da paisaxe ligada ás actividades agrarias.

5.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

A paisaxe cultural xurde froito da interacción entre as actividades realizadas polo ser humano e o medio natural. Este proxecto, orientado á conservación e posta en valor das paisaxes culturais dos territorios participantes contribuirá directamente a mellorar o entorno ambiental.

5.5. PROXECTOS CONCRETOS

- 1. TÍTULO:** “Rede de paisaxes culturais e naturais”. Conservación, mantemento e posta en valor de espazos de interese paisaxístico (viticultura, produción agraria, bosques autóctonos, bosques de ribeira...).
- 2. DESCRICIÓN:** As accións a realizar serán as seguintes:
 - Creación dunha metodoloxía para a definición da paisaxe cultural e estudos de campo para a definición das paisaxes culturais dos distintos territorios.

- Talleres participativos coa poboación para definir a estratexia de aplicación do concepto de Paisaxe Cultural en desenvolvemento sostible do territorio.
 - Deseño de experiencias piloto e animación para o xurdimento de proxectos baseados no concepto de Paisaxe Cultural.
 - Execución subministro e instalación dos elementos necesarios para os espazos expositivos; deseño materiais promocionais.
 - Publicación final resumo do proxecto.
- 3. ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial GDR-30 (Euroeume); GDR-22 (Deza); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
- 4. VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** A cooperación interterritorial entre os diferentes espazos rurais participantes no proxecto facilitará o traballo común na definición da metodoloxía para a definición da paisaxe cultural, posto que se intercambiaran experiencias, información e contactos das diferentes áreas. Ademais, os froitos deste traballo conxunto se obterán de maneira consensuada, para establecer un marco e método de traballo extrapolable a outras zonas rurais.
- Ademais co traballo en cooperación se creará unha “rede galega de paisaxes culturais” que resulte o suficientemente diversa, representativa de Galicia, e permita a súa posta en valor como atractivos turísticos.
- 5. GAL COORDINADOR:** Asociación Mariñas – Betanzos
- 6. ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
- 7. RESULTADOS ESPERADOS:** Todos os Grupos de Desenvolvemento Rural participantes no proxecto posúen importantes manifestacións de paisaxes culturais ós que actualmente non se lle outorga o valor e a consideración de patrimonio cultural e etnográfico que posúen, sendo necesario abordar este proxecto que potencie e poña en valor este importante recurso como base dun desenvolvemento rural sostible.
- 8. ORZAMENTO TOTAL:** 150.000 €.

6. LIÑA 6: “FOMENTO DA CULTURA EMPRENDEDORA”

6.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

Está demostrado que o fomento da “cultura emprendedora” debe inzarse desde novas idades, mediante xogos que reforcen a seguridade dos máis novos e asentem a cultura empresarial e o mercadeo.

Varios GALs teñen posto en marcha programas para o fomento da cultura emprendedora entre os máis novos, seguindo a metodoloxía e a creación dun “corpo teórico” iniciado por Valnalón (Asturias).

O proxecto buscaría fomentar a cultura emprendedora entre os rapaces máis novos.

6.2. OBXECTIVOS

- 1) Difusión e asentamento dunha cultura emprendora
- 2) Posta en marcha de programas para o desenvolvemento de capacidades emprendedoras nos territorios.
- 3) Organización de seminarios co obxecto de difundir entre os distintos axentes e a poboación en xeral as metodoloxías da “cultura emprendedora”.
- 4) Organización dun concurso de elaboración de proxectos empresarias entre estudantes novos e realización dun Seminario para a posta en común.

6.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promocionar un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

Dacordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e 3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endóxico das zonas rurais.

Este proxecto sería encaixable dentro da medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”.

Existe un consenso xeralizado en todos os territorios sobre a necesidade de promover o emprendedurismo desde a etapa escolar, mediante xogos que familiaricen ós pequenos e pequenas co mundo da empresa.

6.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

O proxecto incidirá directamente no colectivo de mozos e mozas, que será o público obxectivo.

6.5. PROXECTOS CONCRETOS

- 1. TÍTULO: Fomento da Cultura Emprendedora**
- 2. DESCRICIÓN:** Estratexia: desenvolvemento do espírito emprendedor, fomento de actitudes de confianza nun mesmo; sentido crítico, creatividade e iniciativa persoal.
Organización de seminarios de acompañamento para a creación da súa propia empresa por parte de xóvenes escolares.
- 3. ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial GDR-30 (Euroeume); GDR-22 (Deza); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
- 4. VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** Fomentar o estímulo da competitividade entre os distintos territorios. Valorar o xurdimento de diversos proxectos empresariais baixo o prisma dos recursos de cada territorio.
- 5. GAL COORDINADOR:** Asociación Mariñas – Betanzos

6. **ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** GDR-30 (Euroeume); GDR-22 (Deza); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
7. **RESULTADOS ESPERADOS:** Reforzamento da cultura emprendedora, da imaxinación, flexibilidade, creatividade e motivación. Difundir os recursos a nivel local, capaces de poñerse en valor empresarialmente. Maduración de ideas para convertelas en ideas empresariais e realizar unha primeira aproximación á viabilidade económica dos proxectos e do seu potencial como proxecto de empresa.
8. **ORZAMENTO TOTAL:** 180.000.-€

7. LIÑA 7: “REDE TERRITORIAL PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN”

7.1. OBXECTIVOS

- 1) Crear estruturas estables para o fomento da innovación nos territorios rurais.
- 2) Fomentar as sinerxias Universidade – Empresa – Centros de innovación.
- 3) Transferencia de resultados de investigacións e difusión para a súa posta en valor
- 4) Fomentar o xurdimento de proxectos de I+D+i nas empresas locais.

7.2. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

7.2.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promocionar un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013

(PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

Dacordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e 3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endógeno das zonas rurais.

Este proxecto sería perfectamente encaixable dentro da medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”.

7.2.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas das diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnóstico compartida sobre falta de axentes “tractores” para a innovación e o desenvolvemento económico. Tamén se observou a perda de competitividade xeral do territorio e as súas empresas fronte a territorios máis innovadores. Se fixo tamén fincapé no descoñecemento empresarial sobre as plataformas tecnolóxicas galegas e o Sistema Galego I+D en xeral. Se ten constatado que as microempresas non poden dispoñer nin de tempo nin persoal cualificado para emprender proxectos de I+D.

7.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

Os proxectos que puidesen xurdir por parte do tecido empresarial poderán estar relacionados con sectores clave para a sostenibilidade económica (aforro enerxético, aproveitamento subprodutos, etc.).

Así mesmo, a innovación empresarial pode ser a clave para o crecemento destas empresas e o seu correspondente incremento no nivel de emprego, que beneficiaría a persoas novas.

7.5. PROXECTOS CONCRETOS

- 1. TÍTULO:** Rede territorial para o fomento da innovación
- 2. DESCRICIÓN:** Contratación dun técnico de apoio e formación, así como equipamento para poder desenvolver a actividade dentro GDR de difusión e fomento da innovación

- dirixidas a emprendedores e empresas do ámbito territorial dos GDR participantes no proxecto.
3. **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial GDR-30 (Euroeume); GDR-7 (Comarca da Ulloa); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).
 4. **VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** Posta en rede destes técnicos. Búsqueda de solucións comúns para proxectos empresariais en distintos territorios.
 5. **GAL COORDINADOR:** Asociación Mariñas – Betanzos
 6. **ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
 7. **RESULTADOS ESPERADOS:** Xurdimento dun mínimo de 10 proxectos de I+D+i en cada territorio. Creación de 100 postos de traballo. Sinatura de acordos entre empresas e centros de innovación e universidades.
 8. **ORZAMENTO TOTAL:** 85.000.-€ por Grupo.

8. LIÑA 8: “POSTA EN MARCHA REDE WIMAX”

8.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

Para a meirande parte dos habitantes do rural do territorio, só existen dúas opcións para conectarse a Internet coa banda ancha: o carísimo satélite e o ADSL rural, unha tecnoloxía que aproveita incluso os últimos fíos da instalación telefónica.

A tecnoloxía Wifi, amplamente utilizada para conectar dispositivos sen arames no interior de edificios ou en zonas urbanas, non é moi práctica para unir lugares moi distantes, pois o seu alcance non soe pasar dos 500 metros, e o receptor ten que estar moi próximo ó emisor. Co WIMAX o radio de acción, dependendo da frecuencia e do estándar que se use, pode chegar ós 70 km..

Destacar proxectos piloto como o de Courel.

8.2. OBXECTIVOS

- 1) Conexión a Internet para todos os habitantes do rural.

- 2) Facilitar o acceso a estas tecnoloxías da comunicación ás empresas do rural, que actualmente non contan con elas.
- 3) Facilitar a posta no mercado de producións do medio rural.

8.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

8.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promover un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

De acordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e 3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endógeno das zonas rurais.

Este proxecto sería encaixable dentro da medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”.

8.3.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas das diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnóstico compartida sobre a necesidade de dispoñer deste servizo nés áreas rurais, con elevadas carencias de comunicacións.

8.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

O acceso a estas tecnoloxías da comunicación permitirá reducir as desvantaxes destas zonas para atraer poboación e empresas, creando un medio rural máis vivo e con máis oportunidades de emprego.

8.5. PROXECTOS CONCRETOS

- 1. TÍTULO:** Posta en marcha rede wimax nos territorios rurais.
- 2. DESCRICIÓN:** O uso de novas tecnoloxías está a revolucionar a nosa sociedade, e está máis que comprobado a necesidade de adaptar esas tecnoloxías ós diferentes recursos municipais, co obxectivo de ofrecer servizos áxiles e de calidade a calquera persoa que os poida precisar.

Unha desas novas aplicacións tecnolóxicas referentes á comunicación, é a instalación da rede WIMAX de acceso a internet para dotar a todos os territorios participantes no proxecto de conexión á internet, como xa se está a facer noutras zonas piloto.
- 3. ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
- 4. VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:** Economías de escala nos costes de instalación e xestión do proxecto. Creación dun “portal rural galego”, con acceso a outros contidos de interese. Ligar o proxecto con outras liñas de actuación complementarias, como o agroturismo e turismo de natureza.
- 5. GAL COORDINADOR:** Asociación Mariñas – Betanzos
- 6. ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS:** Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).
- 7. RESULTADOS ESPERADOS:** Poñer en marcha rede de WIMAX en territorios sen acceso por outras vías, para fomentar o xurdimento de empresas, e para as que están instaladas poidan competir en igualdade de condicións que as das zonas urbanas. Fixación de poboación e mellora dos servizos.
- 8. ORZAMENTO TOTAL:** 500.000.-€

9. LIÑA 9: “COOPERACIÓN CON TERCEIROS PAISES PARA O FOMENTO DA METODOLOXÍA LEADER COMO FERRAMENTA DE DESENVOLVEMENTO E REFORZAMENTO DOS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO EN CADA TERRITORIO”

9.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

Os Grupos Asdecomor, EuroEume e Terra das Mariñas teñen participado na posta en marcha do Proxecto EXPIDER (Experiencias piloto de desenvolvemento rural), con aplicación en Ecuador e que buscaban como obxectivo a animación para o xurdimento de Grupos de Acción Local neste país.

Ademais, está a crearse a Rede Iberoamericana de Desenvolvemento Rural (RIDER), que ten como obxectivo transferir as metodoloxías postas en marcha durante estes anos en Europa cara ós países sudamericanos, cunha elevada poboación rural.

A Asociación EuroEume ten participado no proxecto de cooperación internacional “Tecendo redes”, que buscaba a creación de redes de cooperación estábais entre GALs españois con outros americanos, co obxectivo de canalizar axudas das axencias de cooperación, aplicando a metodoloxía LEADER. Se ten tamén comprobado, que estes proxectos axudan a reforzar os lazos entre os axentes de cada territorio LEADER europeo participante, reforzando o seu papel como líderes sectoriais e implicándoos en maior medida nos procesos de desenvolvemento.

9.2. OBXECTIVOS

- 1) Fomentar o xurdimento e articulación de GDRs en latinoamérica, baixo a metodoloxía LEADER.
- 2) Reforzar os procesos de desenvolvemento nos propios territorios socios do proxecto.
- 3) Fomentar o desenvolvemento integral dos terceiros países.

9.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

9.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promover un desenvolvemento

rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

Dacordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e 3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endóxico das zonas rurais.

Este proxecto encaixaría dentro da liña de cooperación, e axudaría a reforzar a mellora da gobernanza nos territorios socios.

9.3.2. COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

O proxecto buscaría trasladar as experiencias vividas no proceso de desenvolvemento dos territorios LEADER, cara a terceiros países.

9.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

O proxecto reforzará o rol destes colectivos no territorio, e permitirá trasladar enfoques para resolver os problemas nos terceiros países.

9.5. PROXECTOS CONCRETOS

TÍTULO: “COOPERACIÓN CON TERCEIROS PAISES PARA O FOMENTO DA METODOLOXÍA LEADER COMO FERRAMENTA DE DESENVOLVEMENTO E REFORZAMENTO DOS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO EN CADA TERRITORIO”

DESCRIPCIÓN: Organización dentro de cada GDR a nivel de mesa sectorial da situación actual, ameazas e xeitos de afrontar o proceso de desenvolvemento baixo a metodoloxía LEADER. Identificación de líderes sectoriais. Visitas a terceiros países para a posta en marcha de GDRs. Traer representantes de GALs de terceiros países para abordar proxectos en diferentes niveis: empresariais, administracións locais, mozos, mulleres, colectivos desfavorecidos, etc. Publicación final resumo do proxecto.

ÁMBITO XEOGRÁFICO: Ámbito territorial GDR-30 (Euroeume); GDR-7 (Comarca da Ulloa); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (ADR Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes).

VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN: Intrínseco ó propio proxecto.

GAL COORDINADOR: Asociación Mariñas – Betanzos

ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS: Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza).

RESULTADOS ESPERADOS: Transferir metodoloxía LEADER a terceiros países. Reforzar os procesos de desenvolvemento nos territorios implicados. Reflexionar sobre a metodoloxía LEADER.

ORZAMENTO TOTAL: 40.000.-€ por Grupo.

10. LIÑA 10: “IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE XÉNERO”

10.1. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

Este proxecto enmarcase nas políticas de igualdade de xénero que se levan actualmente dende o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia, que ten como principal apoio normativo a Lei Órgánica de 3/2007, de 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes e a Lei da C.A. de Galicia 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes e a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a a Violencia de Xénero.

10.2. OBXECTIVOS

- 1) Defensa da igualdade de xénero e loita contra discriminación
- 2) Fomentala transversalidade como instrumento imprescindible para o exercicio das competencias dos GDRs en clave de xénero para eliminar calquera tipo de discriminación.

- 3) Previr a violencia de xénero no rural e axudar ás mulleres que padezan violencia de xénero.
- 4) Análises temáticos: Mulleres e discapacidade.

10.3. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

10.3.1. ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promocionar un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Sobre a base deste regulamento e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013, o Estado español elaborou o Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e o Marco nacional de desenvolvemento rural, que foi aprobado por decisión da Comisión Europea do 25 de outubro de 2007. Neste marco, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), que foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, aumento da competitividade dos sectores agrario e forestal, mellora do ambiente e o contorno rural e mellora da calidade de vida e diversificación da actividade económica. As medidas dirixidas a acadar eses obxectivos estrutúranse en 4 eixes, sendo un deles o eixe Leader.

De acordo coas directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, os recursos asignados ó eixe Leader deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e 3 do Regulamento 1698/2005 antes citado, pero tamén ó obxectivo prioritario horizontal o da igualdade de xénero.

Este proxecto encaixaría dentro da liña de cooperación, e axudaría a reforzar a potenciar a igualdade de xénero e previr a violencia de xénero.

10.4. REPERCUSIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O COLECTIVO DE MULLERES E MOZOS

O proxecto reforzará o rol destes colectivos no territorio, e permitirá trasladar enfoques para acadar a igualdade de xénero e previr a violencia de xénero nas novas xeracións de mozas e mozos.

10.5. PROXECTOS CONCRETOS

TÍTULO: “Igualdade de oportunidades de xénero”

DESCRIPCIÓN: “ O proxecto buscará o tratamento transversal da perspectiva de xénero dentro das mesas sectoriais. Na mesa sectorial de asociacións de mulleres crearase unha mesa de traballo para a preparación de actividades conxuntas con outros grupos desenvolvemento rural colaboradores. Estas actividades serían seminarios, talleres prácticos, edición material divulgativos, sobre Igualdade de oportunidades de Xénero e a prevención da violencia de xénero, e cursos de formación para unha linguaxe non sexista. Outro ámbito deste proxecto é de **carácter transnacional** será a creación dun observatorio da igualdade, para avaliar a evolución das políticas de igualdade, a situación da muller rural e a súa percepción pola poboación dos territorios asociados no proxecto. Por outra banda, analizarase a situación da muller dende a perspectiva da discapacidade, mediante talleres e xornadas específicas e a elaboración dun informe da situación deste colectivos nos territorios asociados.”

ÁMBITO XEOGRÁFICO: Ámbito territorial GDR-20 (Ulla-Umia-Lérez); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-28 (Comarca de Ordes).

VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN: Intrínseco ó propio proxecto.

GAL COORDINADOR: GDR-28 (Comarca de Ordes)

ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS: Ámbito territorial dos Grupos de desenvolvemento rural: GDR-30 (Euroeume); GDR-29 (Mariñas – Betanzos); GDR-19 (Pontevedra – O Morrazo); GDR-8 (Ribeira Sacra); GDR-28 (Comarca de Ordes); GDR-22 (Deza); GDR-20 (Ulla-Umia-Lérez).

RESULTADOS ESPERADOS: Transferir metodoloxía de actividades, documentos divulgativos, boas prácticas de igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero, elaboración dun informe sobre Muller e discapacidade nos territorios asociados.

ORZAMENTO TOTAL: 60.000.-€ .